

CONCELLO
DE VIGO

Exp. 46521/220

PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DUNHA (1) PRAZA DE OFICIAL ALMACENEIRO INCLUÍDA NA 2ª FASE DA OEP DOS ANOS 2020, 2021 E 2022(QUENDA LIBRE)

ACTA DO ANUNCIO DE PUNTUACIÓNS TOTAIS E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

En Vigo, ás 8:30 horas do luns 23/02/2026, reúnese no Laboratorio Municipal do Concello de Vigo, sito na praza do rei s/n, no andar -1, o órgano de selección do proceso selectivo para a provisión dunha praza de oficial almaceneiro (quenda libre), designado por acordo da Xunta de Goberno Local do día 08/08/2025 (BOP de Pontevedra número 155, do día 18/08/2025). Esta praza está incluída nas ofertas de emprego públicos dos anos 2020, 2021 e 2022, cuxas bases xerais foron publicadas no BOP nº 107 de 03/06/2024 e a convocatoria e as bases específicas no BOP nº 179 do 13/09/2024.

O órgano de selección queda constituído coa asistencia dos seguintes membros:

Presidente titular: Begoña Arranz González, enxeñeira industrial do concello de Vigo.

Secretaria (por ausencia): Rosa Ana Martínez Aragunde, inspectora de Sanidade, Vertidos e Salubridade pública.

Vogal 2ª titular: Nuria Santibañez Pascual, oficial de instalacións do concello de Vigo.

Vogal 3ª titular: María Concepción Martínez-Murillo Campos, administrativa de Administración xeral do Concello de Vigo.

Logo da comprobación da existencia de quórum suficiente, procédese á apertura da sesión pola presidenta.

PUNTUACIÓNS FINAIS

Unha vez cumprido o prazo de 3 días hábiles a contar dende a publicación do anuncio da puntuación do segundo exercicio (13/02/2026), todos os aspirantes **aptos** xustificaron a posesión do título celga, excepto Esteban Rial Tato que, aínda tendo superado os dous primeiros exercicios, non aportou a documentación requirida (título Celga). O 05/02/2026 presentou por rexistro xeral do concello con nºdoc: 260028484, a súa manifestación expresa de non presentarse á proba de coñecemento da lingua galega prevista como terceira e última fase do proceso selectivo.

PUNTUACIÓNS TOTAIS, PROPOSTA DE NOMEAMENTO E LISTA COMPLEMENTARIA

Reunido o Órgano de selección o 23 de febreiro do 2026, acordouse o seguinte:

1.- PUNTUACIÓNS TOTAIS

Rematados todos os exercicios do proceso selectivo, o órgano de selección procede a establecer as puntuacións totais dos/das aspirantes que superaron todos os exercicios do proceso selectivo, que son as seguintes:

APELIDOS	NOME	NIF	1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	3º EXERCICIO (GALEGO)	TOTAL
DURO DE LA FUENTE	LAURA	***7246**	9,33	7,30	2,00	18,63
MARTÍNEZ ALONSO	JORGE	***5850**	8,50	8,00	2,00	18,50



Copia do documento - Concello de Vigo
46521-220

Data impresión: 03/03/2026 14:08

Páxina 1 de 2

CSV: ACBBA3-382CE6-B5B5BF-LTSUQ2-RX2LFT-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



2.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO E LISTA COMPLEMENTARIA

Á vista dos resultados finais reflectidos na anterior táboa, o órgano de selección acorda por unanimidade, someter á consideración da Xunta de Goberno Local, unha vez que o aspirante que superou o proceso selectivo **achegue a correspondente documentación na forma e prazo sinalado na base decimo cuarta das Bases xerais** (BOP de Pontevedra núm 169 de data 30 de agosto de 2024), que rexen este proceso selectivo, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Nomear como laboral fixo con cargo a unha (1) praza vacante de oficial almaceneiro/a, enmarcada na agrupación profesional da escala de administración especial, subescala servizos especiais subgrupo C2, que figura incluída nas ofertas de emprego público dos anos 2020,2021 e 2022 (2ª fase da convocatoria) do Concello de Vigo á aspirante **Laura Duro de la Fuente** que é a que acadou a maior puntuación no proceso selectivo.

APELIDOS	NOME	NIF	TOTAL
DURO DE LA FUENTE	LAURA	***7246**	18,63

SEGUNDO.- De conformidade co disposto na Base 8.4.6 das Bases Xerais, realízase unha relación complementaria de aspirantes que seguen ao proposto e que superaron todos os exercicios, ordenada en función das respectivas puntuacións obtidas, para substitucións temporais, reforzos ou necesidades puntuais, cobertura de vacantes mentres non se convoca concurso oposición (interino laboral), proxectos especiais ou programas municipais.

APELIDOS	NOME	NIF	1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	3º EXERCICIO (GALEGO)	TOTAL
MARTÍNEZ ALONSO	JORGE	***5850**	8,50	8,00	2,00	18,50

O que se publica, para xeral coñecemento , na web municipal e no taboleiro de anuncios e edictos do Concello de Vigo, con indicación de que contra os acordos do Órgano de selección, as persoas aspirantes poderán interpoñer reclamación no prazo de tres (3) días hábiles, contado a partir do seguinte a dita publicación (Base xeral Décimo oitava).

Vigo, na data da sinatura electrónica

- A vogal 2 (titular).- Nuria Santibáñez Pascual
- A vogal 3 (titular).- Mª Concepción Martínez Murillo
- A presidenta (titular).- Begoña Arranz González
- A secretaria (por ausencia) do órgano de selección.- Rosa Ana Martínez Aragunde



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2026 14:08	Páxina 2 de 2
46521-220	CSV: ACBBA3-382CE6-B5B5BF-LTSUQ2-RX2LFT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		